Rías Baixas

memoria exercicio 2010

Estimado/as Adegueiro/as:

A frase, "conservar o pasado para construir o futuro" define o traballo realizado polo sector dos viños da Denominación de Orixe Rías Baixas na súa intensa historia. Un esforzo colectivo que nos converteu en referente dos viños blancos de calidade a nivel nacional e internacional.

Co novo Regulamento e o Manual de Calidade o Consello Regulador conta cunha ferramenta para actuar como órgano acreditador e de certificación de calidade para calquera das nosas empresas asociadas. Este cambio significa un paso cara diante na profesionalización do sector. Do mesmo xeito sucede coa certificación de calidade UNE 45011, imposta pola UE pero que permite a este Consello Regulador ser un Órgano Certificador. Un paso máis na profesionalización é o Prego de Condicións, remitido a Europa. Este documento representa o ADN da Denominación de Orixe Rías Baixas, a súa razón de ser e de existir. En definitiva, este prego mostra os rasgos fundamentais e diferenciadores desta denominación: o seu tipo de chan, as súas variedades, o seu clima.

Un dos eixes nos que traballou o Consello Regulador en 2010 é o de apostar polo valor da marca: "Rías Baixas Albariño". O interese pola nosa variedade autóctona, o albariño, é crecente sobre todo cando Francia e Nova Zelanda decidiron incluila no seu catálogo nacional de variedades de vinificación. Poderase prantar albariño en calquera parte do mundo, pero non terán nin o noso clima nin o noso terreo, nin a nosa cultura do viño. Por elo debemos defender sempre o nome propio dos nosos viños, "Rías Baixas Albariño", que é froito do traballo constante dos máis de 6.600 viticultores e de 182 adegas que souberon: "conservar o pasado do Rías Baixas Albariño para construír o futuro"

O futuro preséntase con esperanza se apostamos pola calidade dos viños e a creatividade en tempos de crise. Un antídoto que xunto ao traballo e o esforzo empresarial permitiranos sair reforzados, como mostran as alentadoras cifras de vendas en 2010 en xeral e de exportación en particular.
A creatividade e a diversificación permítenos explorar outras liñas de negocio como é a Ruta do Viño Rías Baixas, cun centenar de asociados (42 son adegas) e seis itinerarios repartidos polas subzonas Val do Salnés, O Rosal e Ribeira do Ulla. Pronto unirase o Condado do Tea. A aposta por un turismo especializado, que conta coa riqueza cultural, natural e gastronómica traerá moitas alegrías se traballamos coa mesma seriedade e profesionalidade coa que elaboramos os nosos viños.

En fin, seguimos esforzándonos por afianzar o futuro do sector con accións comerciais e de marqueting tanto nacionais como internacionais, formación e cursos especializados, con seminarios sobre temas de interese de mercados, internacionalización ou, mesmo, de redes sociais. Estas accións, organizadas desde o Consello Regulador, unidas ao esforzo realizado polas diferentes empresas, conseguiron que os viños de Rías Baixas puideran manter un ano máis o seu estatus de calidade.

Jose Ramón Meiriño González
Presidente do Consello Regulador D.O. Rías Baixas

PRESIDENTE

D. José Ramón Meiriño González

VICEPRESIDENTE

D. Gerardo Méndez Lázaro

VOGAIS SECTOR PRODUTOR

D. Ramiro Baulo Rey
Agromiño S.L. (D. Antonio Álvarez Suárez)
Limeres Rodríguez S.A. (D. Fernando Bandeira García)
D. David J. Castro Mougán
Álvarez Viéitez S.L. (Dna. María Teresa Estévez Rodríguez)
D. Luciano Fernández Besada
D. Daniel Meaño Alba
Xesvitgal S.L. (D. Jesús Paz Parracho)
D. Roberto Rivas Reboredo

VOGAIS SECTOR ELABORADOR

Adegas Tollodouro S.A. (D. José María Campos Pérez)
Bodegas Terras Gauda S.A.(D. Enrique Costas Rodríguez)
Cabaleiro do Val S.L. (D. Francisco Dovalo López)
Bodegas del Palacio de Fefiñanes (D. Juan Gil González de Careaga)
Adegas Arousa de Bebidas S.L. (D. Germán Martínez Novo)
Bodegas Gerardo Méndez S.L. (D. Gerardo Méndez Lázaro)
Eulogio Pomares Zárate e Hijos S.L. (D. Eulogio Pomares Botana)
Adegas Galegas S.L. (D. Xosé Rodríguez Fernández)
Bodegas As Laxas S.A. (D. José Simón Ferro)

VOGAIS DE ADEGAS DE BASE COOPERATIVA

D. Carlos Carrión Álvarez
Viña Almirante S.C.G. (D. José Estévez Pomar)
Bodegas Martín Códax S.A.U. (D. Juan Vázquez Gancedo)
Adegas Condes de Albarei S.A.U. (D. Xavier Zas García)

VOGAIS DELEGADOS

D. Gerardo Zugasti Enrique
D. José Manuel Fernández Castro

ORGANIGRAMA DO CONSELLO REGULADOR DENOMINACIÓN DE ORIXE RÍAS BAIXAS



ESTRUCTURA DEL ÓRGANO DE CONTROL



● Relación de xerarquía de Cadro de Persoal e Contratación, deberes e servizos solicitados directamente polo Pleno, pero con independencia en temas de Inspección e Auditoría.

● Dependencia xerárquica, incluíndo no caso do Órgano de Control, as decisións sobre Control de Calidade e iniciación e resolución de expedientes de auditoría en Inspección.

Unha década de cambios

O sector asumíu os retos trazados no Plan Estratéxico

Se tomamos como referencia de partida o 2001, ano en que se iniciou o estudio para elaborar o Plan Estratéxico, podemos afirmar que acabamos de pechar unha das décadas decisivas na nosa Denominación de Orixe.

Unha etapa que arrancaba coa elaboración do primeiro Plan Estratéxico que co seu correspondente Plan Director trazaron a folla de ruta que nos trouxo ata aquí. Por moito que a realidade da crise económica actual se impoña, convén recoñecer o traballo feito e, sobre todo, a capacidade do sector para asumir os retos que vemos hoxe cumpridos en boa parte.

Para obter «a foto» do sector fixérase daquela un considerable esforzo de recollida e análise de datos en múltiples fontes internas e externas ao sector, non para facer unha descripción sectorial senón para ofrecer unha visión prospectiva e de futuro, que servise de orientación sobre os pasos a dar e que quedou plasmado no correspondente Plan Director.

Unha das primeiras esixencias do Plan Estratéxico era a busca dunha sé institucional axeitada para responder á imaxe de calidade que quería consolidar a DO Rías Baixas nos principios desta década. Hoxe todos cruzamos as portas do Pazo de Mugartegui, no Casco Histórico de Pontevedra, conscientes de que a nosa Denominación de Orixe transmi-

A través de actos de promoción como as Catas-Maridaxe, na foto a celebrada durante o Forum Gastronómico en Compostela, os Rías Baixas afirman a súa vocación de estar presentes en todos os ámbitos e culturas gastronómicas, ampliando así a percepción dos consumidores.

te aos visitantes unha primeira impresión máis ca favorable, ao tempo que ofrece un espazo de traballo, xestión ou formación axeitado ás necesidades do sector.

Na foto do Plan resaltaban outros aspectos claves sobre a «marca» Rías Baixas ou, millor dito, sobre a falta de peso específico de «Rías Baixas» fronte a «Albariño», estando esta última moito máis implantada entre o público. O plan aconsellaba unha asociación de ámbalas dúas fórmulas, para tirar partido desa posición privilexiada que o «Albariño» seguía tendo na mente dos consumidores. As actuais campañas que insisten nesa asociación Rías Baixas Albariño teñen dado xa moi bos resultados a todos os niveis.

Outro aspecto decisivo, a exportación como estratexia obrigatoria para a comercialización dos nosos produtos, estaba tamén descrita como unha vía de modernización do sector, que debía afrontar a apertura aos mercados exteriores como un reto externo, obviamente, pero tamén interno, por canto supoñía un cambio de mentalidade importante para os responsables das adegas.

O reto da exportación vai por bo camiño, á vista das cifras que recollemos cada ano nestas páxinas: un incremento incesante do ritmo de exportación e do volume total da produción exportada indican que o sector afrontou con decisión este asunto.

E no ámbito interno o estudio estratéxico trataba de responder a outra dúbida: cal era a capacidade do sector para afrontar unha «normalización comercial» entendida como a presenza habitual nos canais de distribución alimentaria? Nunha palabra: ¿debía un viño de calidade compartir un espazo tan pouco «elegante» como os lineais dos supermercados e grandes superficies para gañar mercado? O sector coa súa resposta parece ter entendido como o personaxe do «Gatopardo» que «se queremos que todo permaneza como está fai falta que todo cambie».

Tamén aquí as cifras mostran un achegamento significativo das adegas a este campo, grazas á firma de convenios específicos para fomentar á distribución. E xustamente nestes momentos de crise, onde unha parte importante do consumo de viño prodúcese no fogar, resulta máis

Coa presenza en eventos como esta Minifeira celebrada en Mallorca os nosos viños reforzan o seu papel no mercado nacional, ao tempo que entran nun espazo vinícola privilexiado e moi aberto ao exterior para os viños de calidade.

necesario que nunca estar presente entre os consumidores.

Un gran esforzo no campo do marqueting reorientando moitas accións promocionais cara o consumidor final (minifeiras), estratexias claras con respecto aos prescriptores capaces de multiplicar o efecto das nosas mensaxes, ou a participación en novos escenarios de promoción destinados a públicos concretos (accións en EE.UU. ou Madrid); todas elas téñense convertido en eficaces vías de penetración no mercado para os Rías Baixas.

Cos anos apareceron tamén estudios que proporcionan información relevante sobre o perfil dos consumidores, estudios que sinalan por exemplo a notable incorporación das mulleres ao consumo de viño, viños brancos en especial, o que abre interesantes perspectivas para os nosos viños.

En resumo, os viños Rías Baixas son cada vez máis coñecidos no mundo, circulan con comodidade nas canles de distribución nacional, penetran con forza na HORECA sobre todo se falamos de territorios apetecidos, como Madrid.

Os produtos das adegas están cada vez máis diversificados (viños de añadas, seleccións de vendima, augardentes) e a marca «Rías Baixas Albariño» non só goza de prestixio de seu, senón que ademais defende con éxito ese prestixio no contexto europeo ou internacional, onde varias reclamacións foron resoltas de xeito favorable aos nosos intereses (como exemplos: os «albariños» de Australia, as propostas sobre a reforma da

A cata é o momento definitivo, a hora da verdade, para o viño que ten que ofrecer todas as súas cualidades aos expertos. Na fotografía, un momento da cata organizada para a Guía Repsol **de los Mejores Vinos de España celebrada en Mugartegui.**

INTERNACIONALIZACION E CONTROL DE CALIDADE

OCM aprobada no Congreso español en 2010).

A década deixa polo tanto bo sabor de boca, pero compre seguir dando pasos cara adiante. E entre os retos internos destacamos os cambios relevantes no concepto da Trazabilidade derivados da evolución dos regulamentos europeos vixentes.

Desde 2002 existe na UE unha normativa sobre trazabilidade de obrigado cumprimento para todos os operadores agrarios e agroalimentarios e con dous aspectos destacados relativos ao Autocontrol e a Responsabilidade dos operadores, ou sexa, todos aqueles profesionais implicados na produción e elaboración de viño. No noso caso, desde os viticultores ata os adegueiros, pasando polos distribuidores de material fitosanitario ou material agrícola en xeral.

A evolución posterior do regulamento marca a obrigatoriedade da acreditación dos operadores nunha Normativa específica de Calidade: a EN 45011. Esa norma especifica os criterios xerais que debe seguir un organismo de certificación de produtos para ser recoñecido a nivel nacional, europeo e internacional como competente e fiable nos seus controis. Un regulamento posterior marcaba en 2006 as pautas para exercer ese control según a normativa.O Consello Regulador, na medida en que audita un produto agrícola, ten a obriga de estar acreditado con esa esixente normativa.

A trazabilidade na medida en que expresa de xeito minucioso todos os pasos implicados na elaboración dun produto é como un notario de garda que levanta acta e saca a luz todos eses «datos biográficos» para quen precise consultalos.

A norma EN 45011 supón que todos os operadores implicados nos procesos alimentarios teñen que cumplir as esixencias de autocontrol e responsabilidade: é dicir, que cada un deles ten que poder documentar paso a paso os aspectos implicados na normativa, e que cada un deles é responsable directo dese cumplimento. Cando o Consello

O interese estratéxico no mercado asiático explícase polo crecemento de mercados emerxentes para o viño, como son os consumidores chinos cada vez máis numerosos e mellor informados. Sen esquecer a presenza cada vez máis importante en Xapón, a través de feiras profesionais como a Wine and Gourmets.

Regulador certifica un produto faino en base a ese control previo dos operadores. Por iso mesmo, desde a entrada en vigor do novo Regulamento en 2009, o CRDO está obrigado a tratar cada incidencia como unha «no conformidade» que debe ser xustificada e subsanada, buscando as medidas correctoras pertinentes. No caso contrario, a incidencia podería supoñer a perda da certificación do produto ou unha suspensión temporal no Consello Regulador.

Resumindo, son as propias adegas as que en certa forma certifican o seu produto que pode ser auditado con criterios de independencia, igualdade e confidencialidade, tal como establece a EN 45011. E na medida en que eses auditores están habilitados como tales non poden facer de asesores, limitándose o seu papel a levantar acta das esixencias marcadas pola normativa. Unha situación que resulta familiar para as grandes adegas da DO, pero que supón un esforzo organizativo extra para moitas empresas vinculadas ao sector. En calquera caso, unha esixencia fundamental para entrar nos mercados.

Pensemos no recente desastre en Xapón. Tras a traxedia inminente chegan as consecuencias comerciais: os produtos agrícolas das zonas afectadas polo accidente da central nuclear de Fukushima están baixo sospeita. Un exemplo que pon de manifesto a importancia dos controis alimentarios e, en definitiva dos conceptos de trazabilidade.

Que pasaría no mundo se a xente non poidera saber de que zona proceden os productos xaponeses que consume? Simplemente deixaría de consumir productos xaponeses en xeral, causando enormes perdas ao sector agrícola.

En resumo, a sociedade actual precisa de sistemas de garantías alimentarias estandarizados.

Obviamente, os desastres son circunstancias excepcionais. Pero desde que os nosos viños forman parte do fluxo internacional de mercadorías, impóñenselle regulamentos e controis cada vez máis estritos. É o lóxico: os mercados dependen da confianza e a confianza só existe cando as garantías non dependen das persoas, senón dun sistema estable e aceptado por todos.

A vendima

Alta tensión climática para unha boa colleita

Este foi un ano complicado, con ataques serios de enfermidades, sobre todo o mildiu, que obrigou a estar moi pendentes dos datos climáticos.

A tempada caracterizouse por un inverno frío (favorecendo a dormición) e chuvioso, que continuou con intensas precipitacións na primavera, dando respiro na época fundamental da floración (moi heteroxénea), o que permitiu un nacemento importante de acios que xa facían presentir unha boa colleita.

Houbo danos por pragas, nalgúns casos puntualmente importantes, pero en xeral foron ben controlados e comportaron unhas cifras de pérdas inferiores ao 5%, compensado todo pola abundante produción.

O verán cálido e seco que tivemos propiciou logo unha boa maduración, pero a costa dun importante estrés hídrico que fixo sufrir ás viñas e obrigou a regar nalgúns casos puntuais, unha práctica correcta e permitida cando estea en perigo a saúde das prantas.

As altas temperaturas de agosto e setembro permitiron acadar altas graduacións e niveis de acidez correctos.

Os primeiros datos e resultados nos viños son moi satisfactorios, e os comentarios de técnicos e enólogos fan presaxiar unha boa colleita, con viños de boas graduacións, aromáticos e ben estructurados.

SUPERFICIE

DATOS DOS ÚLTIMOS 10 ANOS

Viticultores



Adegas



Superficie (Ha.)



Viño elaborado (Hl.)



Viño comercializado (litros)



DENOMINACIÓN RIAS BAIXAS
Concellos, Viños e Castes

DISTRIBUCIÓN POR SUBZONAS (2010)

Viticultores



- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnés

TOTAL: 6.584

Superficie (Ha.)



- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnés

TOTAL: 3.814,25 Ha.

Superficie-viticultor



- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnés

TOTAL: 0,57 Ha.

Parcelas



- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnés

TOTAL: 21.480

Parcelas-viticultor



- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnés

TOTAL: 3,26

VENDIMA

RENDEMENTOS. Anos 2004-2010

Superficie (Has.)



Vendima (Kg.)



Rendemento (Kg./Has.)



PRODUCIÓN POR CASTES/SUBZONAS. Colleita 2010

ALBARIÑO



Porcentaxe do total: 95,25%

TREIXADURA



Porcentaxe do total: 1,40%

LOUREIRO



Porcentaxe do total: 1,25%

RENDEMENTO TRANSFORMACIÓN UVA/MOSTO (Kg./L.)



VOLUME DE UVA VENDIMADA (Kg.) POR SUBZONAS

	Uva importada
Condado	565.567
O Rosal	579.413
Ribeira do Ulla	14.826
Soutomaior	0
Val do Salnés	1.402.228
TOTAL	**2.562.034**

OUTRAS BRANCAS



Porcentaxe do total: 0,90%

TINTAS



Porcentaxe do total: 1,18%

TOTAL PRODUCIÓN POR CASTES/SUBZONAS
Colleita 2010



PRODUCIÓN POR CASTES. Anos 2004-2010

En kilos



Uva exportada	*Uva vinificada*	*Uva vendimada*
929.191	6.704.377	7.068.001
473.771	3.902.618	3.796.976
566.114	521.611	1.072.899
27.744	23.440	51.184
565.214	20.534.470	19.697.456
2.562.034	**31.686.516**	**31.686.516**

PRODUCIÓN

UVA EXPORTADA A OUTRAS SUBZONAS DA D.O.

	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010
CONDADO DO TEA	491.689	433.796	335.610	366.570	308.578	416.293	929.191
O ROSAL	250.407	266.046	735.589	512.251	324.622	336.277	473.771
RIBEIRA DO ULLA	29.521	68.756	150.900	166.670	238.544	231.188	566.114
SOUTOMAIOR	10.953	18.038	23.638	6.736	11.835	16.971	27.744
VAL DO SALNÉS	1.316.537	1.055.455	1.023.704	504.155	525.741	500.498	565.214

UVA IMPORTADA DOUTRAS SUBZONAS DA D.O.

	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010
CONDADO DO TEA	856.318	932.444	1.309.558	571.731	553.659	415.993	565.567
O ROSAL	983.987	687.136	649.847	560.758	432.226	514.693	579.413
RIBEIRA DO ULLA	54.823	46.370	42.602	27.120	12.933	22.275	14.826
SOUTOMAIOR	9.311	8.245	0	0	32.203	0	0
VAL DO SALNÉS	194.668	167.896	267.434	396.773	378.893	548.2 66	1.402.228

COMPARATIVA ADEGAS CON VINIFICACIÓN (2005-2010)



PROPORCIÓN DE ADEGAS CON VINIFICACIÓN EN 2010



EVOLUCIÓN NUMERO DE ADEGAS



UVA VINIFICADA POR SUBZONAS 2004-2010 (datos en Kg.)

	Condado do Tea	*O Rosal*	*Ribeira do Ulla*	*Soutomaior*	*Val do Salnés*
2004	4.634.944	3.335.941	382.132	54.319	14.361.329
2005	5.189.950	3.120.300	372.052	37.777	13.182.961
2006	6.573.516	3.987.553	434.289	30.832	19.583.910
2007	4.218.044	2.609.950	315.507	20.191	11.573.203
2008	4.561.351	2.552.395	356.792	55.631	12.371.208
2009	5.196.576	3.326.376	347.521	17.188	14.736.425
2010	6.704.377	3.902.618	521.611	23.440	20.534.470



Datos destacados

EXPORTACIÓNS 2005-2010 (Volume en litros)

2005

EE.UU	755.330
REINO UNIDO	135.652
ALEMAÑA	96.503
PORTO RICO	83.161
SUIZA	72.709
MÉXICO	54.362
XAPÓN	34.375
CANADÁ	34.108
BÉLXICA	32.962
ANDORRA	30.513
RESTO	234.083

2006

EE.UU	1.002.847
REINO UNIDO	238.983
ALEMAÑA	127.558
PORTO RICO	121.204
SUIZA	93.970
MÉXICO	58.141
XAPÓN	43.131
CANADÁ	34.664
BÉLXICA	34.222
ANDORRA	33.817
RESTO	260.842

2007

EE.UU	1.752.309
REINO UNIDO	368.481
ALEMAÑA	259.729
PORTO RICO	128.992
SUIZA	104.762
MÉXICO	93.037
HOLANDA	73.084
IRLANDA	59.082
SUECIA	53.394
XAPÓN	32.688
RESTO	353.379

2008

EE.UU	1.580.470
REINO UNIDO	364.820
PORTO RICO	149.976
ALEMAÑA	135.879
SUIZA	97.483
MÉXICO	83.442
NORUEGA	73.846
HOLANDA	69.586
SUECIA	65.779
BÉLXICA	50.072
RESTO	360.082

2009

EE.UU	1.634.389
REINO UNIDO	342.336
ALEMAÑA	155.888
PORTO RICO	130.926
SUIZA	120.366
MÉXICO	101.175
HOLANDA	67.794
SUECIA	54.492
NORUEGA	52.119
BÉLXICA	52.022
RESTO	346.068

2010

EE.UU	1.902.032
REINO UNIDO	422.823
PORTO RICO	171.597
MÉXICO	112.299
ALEMAÑA	88.868
SUÍZA	86.132
FRANCIA	69.579
BÉLXICA	68.438
AUSTRALIA	67.183
HOLANDA	61.841
RESTO	497.324

EVOLUCIÓN DO TOTAL DAS EXPORTACIÓNS 2001-2010 (Volume en litros)



Exportacións por países - Ano 2010 (litros)

Alemaña	88.868,00
Austria	9.552,75
Bélxica	68.438,25
Bulgaria	0,00
Dinamarca	9.839,00
Finlandia	25.507,50
Francia	69.579,50
Grecia	675,00
Holanda	61.841,00
Irlanda	45.227,75
Italia	9.308,25
Luxemburgo	1.017,00
Portugal	4.555,00
Reino Unido	422.823,00
Hungría	36,00
Poloña	8.484,00
Rep. Checa	1.665,50
Letonia	90,00
Chipre	0,00
Lituania	0,00
Estonia	1.026,00
Eslovaquia	518,00
Malta	0,00
Eslovenia	0,00
Suecia	50.940,00
Rumanía	0,00
TOTAL UE	**879.991**

Andorra	39.872,00
Islandia	360,00
Liechtenstein	0,00
Noruega	56.976,75
Suíza	86.132,50
TOTAL EEE	**183.341,25**
Rusia	6.051,50
Outros	4.797,00
RESTO EUROPA	**10.848**
China	12.465,00
Xapón	39.293,00
Filipinas	1.152,00
Singapur	2.994,00
Taiwan	18,00
Outros	8.509,50
TOTAL ASIA	**64.431,50**
Emiratos Arabes	1.293,00
Otros	12.534,00
TOTAL AFRICA	**13.827,00**

Arxentina	612,75
Brasil	11.240,75
Canadá	51.431,00
Colombia	4.203,00
Cuba	2.794,50
O Salvador	900,00
Guatemala	3.121,00
EE.UU.	1.902.032,00
México	112.299,00
Nicaragua	189,00
Porto Rico	171.597,00
Costa Rica	3.087,00
Rep. Dominicana	15.983,50
Venezuela	19.260,00
Perú	1.053,00
Panamá	16.704,00
Uruguai	225,00
Outros	9.540,00
TOTAL AMERICA	**2.326.272,50**
Nova Zelanda	2.220,75
Australia	67.182,75
TOTAL OCEANIA	**69.403,50**

INGRESOS ORDINARIOS

	PRESUPOSTO	LIQUIDACIÓN
CAPÍTULO 3 - TAXAS, PREZOS PÚBLICOS, OUTROS INGRESOS	**1.605.400,00**	**1.650.148,61**
ARTIGO 33 - INGRESOS ORDINARIOS PARAFISCAIS	**1.424.900,00**	**1.488.787,61**
01 - CUOTAS / PLANTACIÓNS INSCRITAS (CUOTA VIÑEDO)	184.900,00	190.590,63
02 - CUOTAS / PRODUTOS AMPARADOS (CANON VIÑO)	1.000.000,00	1.038.296,95
04 - CUOTA POR VENDA DE CONTRAETIQUETAS	240.000,00	259.900,03
ARTIGO 39 - OUTROS INGRESOS	180.500,00	161.361,00
CAPÍTULO 4 - TRANSFERENCIAS CORRENTES	**37.000,00**	**25.000,00**
ARTIGO 45 - DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS	37.000,00	25.000,00
CAPÍTULO 5 - INGRESOS PATRIMONIAIS	**10.000,00**	**8.579,21**
CAPÍTULO 7 - TRANSFERENCIAS CAPITAL	**385.000,00**	**701.021,27**
ARTIGO 75 - DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS	385.000,00	446.593,39
ARTIGO 76 - DE CORPORACIÓNS LOCAIS E PROVINCIAIS		**254.427,88**
CAPÍTULO 8 - ACTIVOS FINANCIEIROS	**200.000,00**	**200.000,00**
ARTIGO 87 - REMANENTE DE TESOURERÍA	200.000,00	200.000,00
TOTAL INGRESOS	**2.237.400,00**	**2.584.749,09**

GASTOS ORDINARIOS

GASTOS DE FUNCIONAMENTO

CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**159.000,00**	**157.800,76**
ARTIGO 13 - LABORAIS	128.000,00	126.778,23
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	31.000,00	31.022,53
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**173.170,00**	**153.140,73**
ARTIGO 21 - REPARACIÓNS, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN	13.700,00	9.577,19
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	106.870,00	95.762,02
ARTIGO 23 - INDEMNIZACIÓNS RAZÓNS SERVIZO	56.600,00	47.801,52
CAPÍTULO 3 - GASTOS FINANCIEIROS	**2.500,00**	**1.506,33**
ARTIGO 34 - DEPÓSITOS, FIANZAS E OUTROS	2.500,00	1.506,33
CAPÍTULO 6 - INVERSIÓNS REAIS	**3.000,00**	**1.092,32**
ARTIGO 62 - PROXECTOS DE INVESTIMENTO NOVO	3.000,00	1.092,32
TOTAL GASTOS FUNCIONAMENTO	**341.670,00**	**313.540,14**

CONTROL DE CALIDADE	PRESUPOSTO	LIQUIDACIÓN
CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**259.700,00**	**251.901,26**
ARTIGO 13 - LABORAIS	121.000,00	120.568,25
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	38.000,00	36.461,14
ARTIGO 14 - OUTRO PERSOAL (VEEDORES)	100.700,00	93.871,87
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**308.500,00**	**302.556,02**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	308.500,00	302.556,02
CAPÍTULO 6 - INVERSIÓNS REAIS	**6.000,00**	**6.678,00**
ARTIGO 62 - PROXECTOS DE INVERSIÓN NOVA	6.000,00	6.678,00
TOTAL CONTROL CALIDADE	**574.200,00**	**561.135,28**
CAMPAÑA DE PUBLICIDADE		
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVICIOS	**660.180,00**	**856.385,75**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	660.180,00	856.385,75
TOTAL CAMPAÑA DE PUBLICIDADE	**660.180,00**	**856.385,75**
PROMOCIÓN		
CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**71.000,00**	**56.269,39**
ARTIGO 13 - LABORAIS	54.000,00	41.328,75
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	17.000,00	14.940,64
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**590.350,00**	**488.649,48**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	590.350,00	488.649,48
TOTAL PROMOCIÓN	**661.350,00**	**544.918,87**
TOTAL GASTOS	**2.237.400,00**	**2.275.980,04**
RESUMO DE INGRESOS		
CANON E CONTRAETIQUETAS	1.424.900,00	1.488.787,61
INGRESOS EXTRAORDINARIOS	190.500,00	169.940,21
TRANSFERENCIAS CORRENTES	422.000,00	726.021,27
REMANENTE ANOS ANTERIORES	200.000,00	200.000,00
TOTAL	**2.237.400,00**	**2.584.749,09**
RESUMO DE GASTOS		
GASTOS DE FUNCIONAMENTO	341.670,00	313.540,14
CONTROL DE CALIDADE	574.200,00	561.135,28
PUBLICIDADE E PROMOCIÓN	1.321.530,00	1.401.304,62
TOTAL	**2.237.400,00**	**2.275.980,04**
INGRESOS - GASTOS	**0,00**	**308.769,05**

INFORME DE AUDITORIA DE CUENTAS ANUALES

Al Pleno del Consello Regulador da Denominación de Orixe "Rías Baixas"

1.- He auditado las cuentas anuales del **Consello Regulador da Denominación de Orixe "Rías Baixas"** (el Consello) que comprenden el balance de situación al 31 de diciembre de 2010, la cuenta de pérdidas y ganancias, el estado de cambios en el patrimonio neto, y la memoria correspondientes al ejercicio anual terminado en dicha fecha. La Dirección es responsable de la formulación de las cuentas anuales del Consello, de acuerdo con el marco normativo de información financiera aplicable a la entidad (que se identifica en la Nota 2 de la memoria adjunta) y, en particular, con los principios y criterios contables contenidos en el mismo. Mi responsabilidad es expresar una opinión sobre las citadas cuentas anuales en su conjunto, basada en el trabajo realizado de acuerdo con la normativa reguladora de la actividad de auditoría de cuentas vigente en España, que requiere el examen, mediante la realización de pruebas selectivas, de la evidencia justificativa de las cuentas anuales y la evaluación de si su presentación, los principios y criterios contables utilizados y las estimaciones realizadas, están de acuerdo con el marco normativo de información financiera que resulta de aplicación.

2.- En mi opinión, las cuentas anuales del ejercicio 2010 adjuntas expresan, en todos los aspectos significativos, la imagen fiel del patrimonio y de la situación financiera del **Consello Regulador da Denominación de Orixe "Rías Baixas"** al 31 de diciembre de 2010m así como de los resultados de sus operaciones correspondientes al ejercicio anual terminado en dicha fecha de conformidad con el marco normativo de información financiera que resulta de aplicación y, en particular, con los principios y criterios contables contenidos en el mismo.

Vigo, a 23 de mayo de 2011

ILUSTRE COLEGIO DE ECONOMISTAS DE GALICIA
PABLO GONZALEZ T
COLEGIADO
VIGO

Pablo González Tenorio
Auditor Independiente
R.O.A.C.: 10.548

Rías Baixas

AUDITORÍA SOBRE VIÑEDOS

786 resolucións de expedientes

Desprazamentos atención viticultores: 32
Cambios de titularidade: 90
Baixas de viticultores: 52
Inscrición novos viñedos: 475

AUDITORÍA SOBRE ADEGAS

Auditoría sobre adegas (embotellados, aforos, descorchados): 254
Supervisión de transportes: 294
Adegas nova inscrición: 3
Marcas autorizadas: 59
Baixas: 5
Marcaxe de depósitos: 24

RECOLLIDA E CERTIFICACION DE MOSTRAS

Recollida de mostras: 1.382
99 sesións de cata
8 sesións extraordinarias de apelación
47 catadores para catas ordinarias
6 catadores de apelación
16.076.468 litros catados e analizados mostra por mostra

AUDITORÍA DE VENDIMA

70 veedores
19.950 partidas de uva
Control directo sobre 172 adegas elaboradoras en 2010
Control de 419 transportes de uva entre subzonas

FORMACIÓN E PROMOCIÓN

Desenvolvéronse cursos e charlas destinadas a formación e a profesionais, en feiras nacionais, a grupos de sumilleres, estudiantes de hostalería e Institutos.
Mantivemos tamén a colaboración con EVEGA, Universidade e Feuga en proxectos de innovación tecnolóxica e xornadas técnicas.

IMPLANTACIÓN DA NORMA EN-UNE-45011

O Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas, en cumprimento dos requisitos do Regulamento da OCM Vitivinícola, RCE 479/2008, tivo que desenvolver unha completa revisión de todos os seus procesos técnicos e manuais de control.
Esta labor obligou a un replantexar e mellorar de xeito xeral todos os procedementos de auditoría, o que representou de volta un intenso traballo durante todo o ano 2010, en colaboración co Grupo de Enxeñería de Organización da Universidade de Vigo, tanto para desenvolver a metodoloxía e documentación como para a progresiva implantación da citada normativa.

CATAS

Os Servizos Técnicos coordinaron durante 2010 os traballos necesarios para as seguintes Catas-Concurso:
- Cata do Albariño de Cambados 2010: labores de toma de mostras e precinto de partidas, supervisión da cata e loxística para 52 mostras
- III Cata das Añadas, supervisión e loxística para a cata de 82 mostras, diante de notario.
- Toma de mostras da Cata dos Viños de Galicia, colaborando tamén nos xurados da propia cata.
- Supervisión e desenvolvemento de catas para colectivos ou guías de viños de recoñecido prestixio, como a a Guía Peñín 2010 ou as Distincións Gallaecia.
- Catas formativas e promocionais dos diferentes tipos de viños en accións conxuntas coas demais áreas do Consello, Minifeiras e eventos.

PROMOCION

IX CONCURSO INTERNACIONAL BACCHUS
15 Marzo

Un ano máis o Consello Regulador patrocinou a cea de gala celebrada na edición anual do premio Bacchus, o máis prestixioso concurso nacional do viño e un dos máis importantes a nivel internacional, con máis de 1.600 marcas a concurso, moitas delas de Rías Baixas. Na cea degustáronse exclusivamente viños Rías Baixas da añada 2008.

SEMINARIOS EN SUÍZA
Abril, Agosto, Outubro e Novembro

Dentro da campaña de actividades que o Consello leva desenvolvendo en Suíza nos últimos anos realizáronse distintos Seminarios sobre Rías Baixas en dúas escolas de Alta Restauración: a Schweizerische Hotelfachschule Luzern, dirixido por polo profesor da SHL Christian Baur en abril, agosto e novembro; e a Schule fur Touristik und Hotellerie AG, a cargo de Manfred Wagner, "beverage manager" en abril e outubro.

CATA PARA A GUÍA PEÑÍN
6 Maio

Con vistas a establecer a lista do viños Rías Baixas na Guía Peñín 2011, José Peñín participou nunha cata de viños Rías Baixas no Pazo de Mugartegui. O experto analizou un total de 256 marcas amparadas pola DO Rías Baixas.
A selección incluía todas as tipoloxías e variedades, o 90 % da última colleita pero tamén algunhas elaboracións especiais.
O experto manifestou que a colleita de 2009 mantiña «un perfecto equilibrio entre la fruta madura, los toques florales y de finas hierbas que le dan una buena complejidad a los vinos que estamos catando». Excelentes cualidades que se traduciron nun incremento de entre 2 e 3 puntos con respecto a Guía anterior.
José Peñín ademais que «estamos asistiendo a una evolución en botella espectacular, y hemos podido probar algún 2008 y 2007 muy interesantes».
Con vinte anos de traxectoria, a Guía Peñín converteuse co tempo nun manual auténtico e veraz dos viños españois dentro e fora das nosas fronteiras.

ACCIÓN "NOCHES CON NOMBRE PROPIO"
8 Xuño

A segunda edición da campaña de promoción "Noches con nombre propio" foi presentada en Madrid polo presidente do Consello Regulador, José Ramón Meiriño, con dúas novidades importantes: o incremento do número de locais participantes (de 40 a 60) e tamén da duración que pasaba de 4 a 6 semanas.
Durante a campaña os locais cambian a súa denominación por un nome propio que figura á entrada do local e convidan aos clientes que coincidan co nome elixido a degustar unha botella Rías Baixas Albariño; a acción complétase cunha web de apoio e coa presenza nos locais dun sumiller para explicar as características dos Rías Baixas Albariño.
Deste xeito, como explicou José Ramón Meiriño na súa presentación, "a DO reforza a súa presenza estratéxica nun mercado prioritario por poboación e proxección nacional e internacional". Na edición 2009 desgustáranse durante a campaña 1.200 botellas de viño e o microsite de internet fora visitado por máis de 10.000 persoas.

XORNADA PROFESIONAL EN NOVA YORK
14 Xuño

Máis de 200 profesionais do sector vinícola reuníronse nun restaurante de Nova York durante a celebración do "Rías Baixas Albariño Walk-Around Gran Tasting", unha iniciativa pensada "para crear imaxe de marca da nosa



Denominación de Orixe no decisivo mercado estadounidense", como explicou a responsable do departamento de Marqueting do Consello, Eva Mínguez.
No evento promovido polo Consello Regulador en colaboración co ICEX e o IGAPE participaron 14 adegas, que explicaron aos profesionais (xornalistas especializados, importadores, restauradores e distribuidores) as características únicas dun produto xenuíno como é o Rías Baixas Albariño.
A campaña nos EE.UU. cofinanciada polo ICEX, o IGAPE e o Consello Regulador contou cun presuposto de 750.000 $, para seminarios de formación en escolas de alta hostalería, showrooms ou visitas de sumilleres e importadores á zona de Rias Baixas.
En Nova York está prevista ademais unha ruta de tapas "Albariño Tapas Crawls", para xornalistas especializados de Miami, San Francisco ou Seattle. Outro evento de importancia é "The Aspen Food & Wine Classic o Great Matchs de Wines from Spain".

CUALIFICACIÓN DA COLLEITA 2009
30 Xuño

Durante un almorzo de traballo organizado en Madrid o presidente do Consello Regulador, José Ramón Meiriño, anunciou que o Pleno do CRDO decidiu cualificar como "Moi Boa" a Añada 2009.
O importante anuncio foi completado con outros actos como a celebración dun "túnel de viño" coa participación de 58 adegas con 85 marcas adscritas á Denominación Rías Baixas e coa asistencia de máis de 1.000 profesionais do sector madrileño. A cualificación da colleita que inclúe ao conxunto de viños elaborados na nosa DO é froito dun rigoroso procedemento de valoración mediante análises sensoriais e fisicoquímicos de mostras representativas dos 6.610.795 litros cualificados ata o 30 de abril, un 45% do total da añada.
Ademais das valoracións do Panel de Catadores do Consello e as análises pertinentes, tívose en conta tamén o criterio do Órgano de Control e Certificación.
O proceso de calidade do Órgano de Control da nosa Denominación baséase nunha cualificación das mostras depósito a depósito, con rigorosos análises organolépticos e fisicoquímicos. Os datos reunidos son incorporados aos informes redactados polo Departamento Técnico e son a base para a toma de decisións dos Órganos de Xestión.
Ademais un mínimo de 5 catadores do panel de cata do CRDO realiza análises organolépticas mediante catas cegas para garantir a confidencialidade e anonimato das mostras.

FESTA DO ROSAL
16 Xullo

O Consello Regulador participou na XVIII edición da Feira do Viño do Rosal cun estand de promoción de produto e material promocional. Houbo tamén un almorzo con diferentes representantes de adegas da zona que contou coa presenza do alcalde da localidade.

VALORACIÓN CAMPAÑAS DE EXPORTACIÓN
21 Xullo

Representantes do CRDO participaron nunha xornada de traballo con 31 adegueiros, membros do ICEX e do IGAPE para perfilar as accións de fomento da exportación previstas e valorar os logros das campañas desenvolvidas desde 2005 en EE.UU.
Na reunión participaron Rosa Angulo, xefa de viños do ICEX e Mónica Pérez Lafuente, técnica de internacionalización do IGAPE.
Eva Mínguez, responsable de marqueting do

Consello, destacou a boa valoración da campaña nos EE.UU. por parte das adegas, indicando que pese a crise o mercado estadounidense medrou para os viños Rías Baixas Albariños un 3,4 % en 2009, 2,4 puntos por riba da media das exportacións. A campaña nos EE.UU. púxose en marcha en 2005 e dos 755.330 litros exportados no comezo pasouse a 1.634.388 litros en 2009.
Unha segunda mesa de traballo analizou as accións promocionais en terceiros países e en mercados maduros, como Reino Unido, Alemaña ou México, e nos mercados emerxentes, especialmente de China.

LVIII FESTA DO ALBARIÑO DE CAMBADOS
28 Xullo

Corenta e tres adegas da Denominación estiveron representadas no Paseo da Calzada durante a celebración da Festa do Albariño de Cambados, que incluíu como viña sendo habitual outras actividades como as Xornadas técnicas sobre viticultura e monovarietais de Albariño, ás que acudiron expertos nacionais de distintos sectores, e a XXII edición da Cata Concurso Rías Baixas Albariño na que participaron 56 adegas.

LI FESTA DO VIÑO DO CONDADO
26 Agosto

O castelo de Dona Urraca en Salvaterra do Miño acolleu a LI edición da Festa do Viño do Condado na que colabora o Consello Regulador da DO Rías Baixas coa presenza das 20 adegas da zona adscritas á Denominación na subzona do Condado do Tea.
A festa incluíu a celebración da XI Cata dos Viños Deliciosos do ano, con 40 marcas loitando polo premio nas categorías de Rías Baixas Condado, Rías Baixas Tinto e Rías Baixas Albariño. O panel de cata estivo formado por 12 expertos.
Tamén durante a celebración foron investidos "Cabaleiros da Cofradía dos Viños do Condado do Tea", polos seus logros ou a súa vinculación co sector contribuíndo á difusión da calidade e exquisitez dos viños do Condado: José Massaveu, de Adegas Fillaboa; Luís Vázquez Vello,

de Pazos de Lusco; Gerardo Zugasti, xefe territorial da Consellería do Medio Rural e Sergio Alén, de Viña Nora.

CATA "MUNDUS VINI" EN ALEMAÑA
30 Agosto

O Consello Regulador participou no Gran Premio Internacional do Viño "Mundus Vini" na cidade alemá de Neustadt, considerado o maior concurso vinícola recoñecido internacionalmente e onde este ano tomaron parte máis de 5.700 elaboracións.
Ramón Huidobro, secretario xeral do Consello, fixo unha presentación da nosa Denominación, a súa produción e variedades, características do terreo e dos viños Rias Baixas. Posteriormente tivo lugar unha cata para o sector profesional con distintas elaboracións de Rías Baixas.
"Mundus Vini" empezou a celebrarse en 2001 baixo o auspicio da Organisation Internationale de la Vigne et du Vin (OIV) y de la Union Internationale des Oenologues (UIOE).

SALÓN DE GASTRONOMÍA DE CARACAS
28 Outubro

Con motivo da celebración do Salón Internacional de Gastronomía de Caracas tivo lugar na capital venezolana un seminario e unha cata de viños Rías Baixas, dirixida por Isabel Mijares para un grupo de 35 profesionais. A mesma experta presidiu un evento similar para a asociación de sumilleres de Caracas, con asistencia de 60 membros.

RÍAS BAIXAS E A PRENSA ESTRANXEIRA
24 Novembro

Un ano máis os viños Rías Baixas protagonizaron a cea de gala organizada en Londres con motivo da entrega dos Premios da FPA (Foreign Press Association).
O Consello Regulador enviou un total de 180 botellas de viño xenérico Rías Baixas Albariño a este acto no que se deron cita 400 persoas. Entre os invitados VIP que degustaron os nosos viños estiveron nesta ocasión o Príncipe Salman Bin Hamad bin Isa Al Khalifa, de Bahreim; e tamén os políticos Nick Clegg, actual viceprimeiro ministro do Reino Unido ou Boris Jonson, alcalde de Londres.
A FPA é unha prestixiosa asociación no mundo dos medios de comunicación. Os seus galardóns son os de maior prestixio no sector.

III EDICIÓN DA CATA DAS AÑADAS
2 Decembro

Na III edición da Cata das Añadas de Rías Baixas celebrada no Parador de Tui participaron 83 mostras de 42 adegas da Denominación. O certame bianual está orientado a viños brancos de añadas anteriores a 2009 para destacar novas tendencias en elaboracións e as posibilidades de garda dos viños Rías Baixas.
A añada con máis mostras participantes foi a de 2007, con 25 viños; seguida polas de 2006 e 2005, con 12 mostras cada una.
Os catadores destacaron a elegancia e gran

potencia en boca deste viños, "más complejos, elegantes y maduros que los vinos del año y dirigidos a los auténticos seguidores".
Formaron o panel de cata catadores do Consello Regulador e un grupo de oito profesionais de recoñecido prestixio: José Ramón Martínez Peiró, de El Mundo; Bartolomé Sánchez, de Opus Wine; Andrés Proensa, da Guía de Vinos Andrés Proensa e Planeta Vino; Cristino Álvarez, da Axencia EFE; Javier Gila, de Lavinia; Andrés Sánchez Magro, do grupo Intereconomía; Javier Bermúdez, de Vino Selección; Juan Manuel Ibañez, da web elmundovino.com; Mikel Zeberio, crítico gastronómico; David Barco, presidente de AGASU e Eduardo Ucha de Marina-Davila, da Asociación de Catadores de Galicia Gallaecia.
Concedéronse 63 distincións , 12 máis ca o ano anterior, repartidas deste xeito: 11 Añadas de Ouro, 23 de Prata e 29 de Bronce. Os premiados na primeira categoría foron:
- Viño Aguiuncho. 2007. Bodegas Aguiuncho.
- Arbastrum. 2007. Bodegas Eidosela
- Bouza do Rei. 2007. Bouza do Rei.
- Finca Arantei. 2007. Adega La Val.
- Lagar de Cervera. 2007. Lagar de Fornelos.
- Lagar de Costa. 2007. Dolores Fontán Limeres.
- Maior de Mendoza 3 crianza. 2006. Maior de Mendoza.
- Maior de Mendoza 3 crianza. 2007. Maior de Mendoza.
- Martín Códax Lías. 2007. Bodegas Martín Códax.
- Martín Códax. 2008. Bodegas martín Códax.
- Tomada de Castro. 2007. Carlos Castro Serantes.

CAMPAÑA DE NADAL
Decembro

A campaña publicitaria de Nadal dirixiuse este ano a un publico obxectivo de entre 25 e 55 anos, clase media e media-alta, residente en Galicia para incrementar o coñecemento da marca, reforzar os valores da DO Rías Baixas e destacar o sentimento de pertenza á nosa terra.
Correu a cargo da axencia BAP Conde e desenvolveuse cun uso amplo de medios en exteriores durante o mes de decembro, a base de "mupis", vallas e marquesiñas, cunha campaña diferenciadora e de gran impacto social.
Paralelamente tivo lugar unha campaña en Madrid e unha serie de spots de 20" en Localia Galicia e Telesalnés.

FEIRAS E MINIFEIRAS

RÍAS BAIXAS EN PROWEIN
21 Marzo

Os nosos viños estiveron un ano máis presentes na gran cita vinícola de Alemaña, a Feira Prowein, celebrada en Dusseldorf, cun estand de 12 metros cadrados dentro do pavillón oficial do ICEX. Durante o transcurso do evento ofrecéronse degustacións de Rías Baixas e fixéronse contactos que foron remitidos ás adegas.

RÍAS BAIXAS EN ALIMENTARIA BARCELONA
22 Marzo

Cincuenta adegas da nosa Denominación participaron en Alimentaria en Barcelona, considerada a principal feira española do sector e a segunda no panorama internacional.
A maioría estiveron situadas no estand institucional da Consellería de Medio Rural; baixo baixo o paraugas de Rías Baixas dez delas mostraron os seus produtos en espazos individualizados, cunha zona común para atender aos visitantes e prescriptores.
Alimentaria está consolidada como a cita principal para as empresas de alimentación e bebidas, nos seus 94.500 metros cadrados de superficie está integrado o espazo Intervín, unha macroadega de 24.000 metros cadrados, onde se dan cita todas as denominacións de orixe os compradores internacionais, os representantes dos canais de distribución e medios de comunicación, para intercambiar información e contactos coas máis de 1.000 adegas presentes.

WINE & GOURMET TOKIO
7 Abril

O Consello Regulador participou por segunda ocasión na feira Wine & Gourmet de Tokio, dirixida aos sectores profesionais nipóns, cun estand de 12 metros cadrados.
Durante a feira organizouse un acto específico de presentación dos nosos viños a un grupo selecto de 28 persoas do sector vitivinícola nipón, no que participaron o presidente da asociación de sumilleres xaponeses, a prensa

especializada e representantes de grandes superficies. O acto incluíu unha cea maridaxe con pratos xaponeses e viños Rías Baixas que foron moi valorados polos asistentes.

SALÓN GOURMETS
12 Abril

No recinto feiral do IFEMA, en Madrid, celebrouse a 24 edición do Salón Internacional do Club Gourmets no que participou como ven sendo habitual o CRDO Rías Baixas. Os nosos viños protagonizaron dúas catas-maridaxe no marco do espazo expositivo da Xunta: a primeira delas con castañas amparadas baixo a IGP (Indicación Xeográfica Protexida) e outra coas conservas de ANFACO.
O Salón Gourmets é unha referencia consolidada no panorama alimentario cuns 80.000 visitantes profesionais, procedentes de países como EE.UU., Gran Bretaña, Francia, México, Portugal, Rusia, Irlanda ou Italia.

MINIFEIRA EN PALMA DE MALLORCA
3 Maio

Máis de 500 persoas do sector profesional mallorquín reuníronse na minifeira organizada polo Consello Reguldor en Palma. O evento comezou pola mañá cunha rolda de prensa seguida dun almorzo para xornalistas e adegueiros e continuou pola tarde cunha presentación e cata con sumilleres das illas.
Os actos completáronse cunha sesión de cata para o sector profesional no que participaron tendas especializadas, vinotecas, restaurantes e hoteis; prensa especializada e sumilleres; distribuidores e representantes da Unión Española de Catadores; escolas de hostalería e clubs de viños; asociacións profesionais e empresas de catering.

LONDON WINE
18 Maio

A 30 edición da London International Wine Fair acolleu a 45 marcas de 24 adegas inscritas na nosa Denominación de Orixe, baixo o paraugas do Pavillón Español do ICEX.
Este certame monográfico esta dirixido exclusivamente ao sector profesional e considérase un evento especializado para o sector vinícola europeo. Cos seus 13.000 visitantes e 1.100 expositores é unha das feiras de referencia no mundo, xunto a Vinexpo (Francia) ou Prowein (Alemaña).
Reino Unido é o segundo destino de exportación no mundo e o primeiro europeo para os viños Rías Baixas.

VINEXPO ASIA-PACIFIC
25 Maio

Por primeira vez os viños Rías Baixas participaron na feira bienal Vinexpo Asia-Pacific 2010, celebrada en Hong Kong, e considerada a máis relevante do mercado asiático, xunto á Food & Hotel en China. A participación española en Vinexpo estivo formada por 44 empresas, integradas no Pavillón Español organizado polo ICEX e a Federación Española del Vino (FEV)
Dezaseis adegas da nosa Denominación, cun total de 30 marcas, estiveron a disposición dos máis de 9.000 visitantes desta importante convención, de marcado perfil profesional e desti-

nada a un mercado con alto poder adquisitivo. Como explicou o secretario xeral do Consello Regulador, Ramón Huidobro, "a taxa de crecemento do mercado hongkonés foi moi importante nos últimos anos e o goberno eliminou en 2008 o imposto sobre o viño o que facilitou a entrada no mercado chino onde temos incrementado o volume de exportacións".
A DO Rías Baixas exportou un total de 41.140 litros no exercicio a este mercado que está considerado un obxectivo a medio e longo prazo. Xapón segue a ser o principal mercado para os nosos produtos, con 33.000 litros exportados no 2009.

ALIMENTARIA MÉXICO
31 Maio

Por quinto ano consecutivo, a nosa Denominación estivo presente en Alimentaria México 2010, a maior feira sectorial de bebidas e alimentación de Latinoamérica, dentro do Pavillón Internacional do ICEX e coa participación de 11 adegas representando a 17 marcas de viño Rías Baixas.
O Consello Regulador organizou algunhas actividades paralelas en colaboración co IGAPE e a embaixada española en México. Entre elas un almorzo maridaxe para distribuidores, prensa e sumilleres que reuniu a un total de 40 profesionais de prestixio.
O secretario xeral do CRDO, Ramón Huidobro, explicou que "México ocupa o sexto posto no ranking de importadores de Rías Baixas, con máis de 134.000 litros exportados, un 21 % máis ca o exercicio anterior".
A feira, considerada como a porta de entrada ao mercado estadounidense, reuniu a uns 450 expositores de 21 países e no Pavillón Español acolleu a unha representación de 68 empresas nunha superficie expositiva de máis de 1.000

metros cadrados, para recibir a uns 12.000 visitantes profesionais.

12 ADEGAS EN VINIS TERRAE
7 Xuño

Na terceira edición de Vinis Terrae, Salón dos Viños e Licores Galegos, o Consello Regulador reuniu a doce adegas de Denominación nun estand propio no recinto de Expourense, onde se ofreceu viño xenérico aos profesionais do sector vinícola presentes no certame.
Fixéronse tamén actividades de presentación da nosa DO e as súas características aos asistentes, que son exclusivamente adegueiros e distribuidores nacionais e internacionais.
En total participaron no Salón 67 expositores das cinco denominacións galegas nos 5.000 metros cadrados de superficie expositiva. Os asistentes procedían de 23 países, catro máis que na pasada edición, de Europa, Asia, Latinoamérica e Norteamérica.

SALIMAT EN SILLEDA
10 Xuño

O Consello Regulador acudiu cun estand propio á XIV edición do Salón de Alimentación do Atlántico (SALIMAT), celebrado dentro da Feira Internacional Semana Verde de Galicia en Silleda.
Sete adegas da DO acudiron ao certame que está centrado nos produtos de calidade, como é o caso dos viños Rías Baixas Albariños. Asistiron a esta edición importantes compradores nacionais e oito importadores orientais, 5 de Xapón e 3 de China, dous países cun mercado potencial de grande interese para os nosos viños. Precisamente, a feira contou cunha plataforma específica para potenciar as relacións entre produtores e distribuidores de diferentes países.

MINIFEIRA EN CANTABRIA
19 Outubro

O Consello Regulador organizou un acto de presentación dos viños Rías Baixas Albariños en Santander, destinada ao sector profesional e no que participaron 16 adegas da nosa DO. A experiencia de promoción estivo orientada a un mercado "natural" para os nosos viños e onde os consumidores aprecian "a calidade e persistencia dos nosos viños", como destacou o presidente do Consello Regulador, José Ramón Meiriño.

FEIRA FOOD & HOTEL EN SHANGAI
9 Novembro

O Consello Regulador participou na XIV edición da Feira Food & Hotel China 2010 en Shangai que está considerada a máis importante do mercado agroalimentario en China. No estand de 12 metros cadrados do pavillón español do ICEX estiveron representadas 10 adegas e paralelamente organizáronse unha serie de actividades de promoción, como un seminario-cata con participación de 5 sumilleres e unha cea-maridaxe dirixida a un selecto grupo de 30 prescriptores do sector en China.
O Consello Regulador empezou a participar nesta feira en 2004. O interese do certame deriva do espectacular crecemento do mercado chinés e do nacemento dunha potente clase media no país, que dispararon a demanda de produtos de calidade e gourmet.

MINIFEIRA EN VALENCIA
18 Novembro

O Consello Regulador organizou un acto de promoción para o consumidor final en Valencia con participación de 16 adegas da Denominación e coa presenza de máis de 500 persoas entre empresarios, administracións e institucións, diferentes sectores profesionais e prescriptores (distribuidores, sumilleres, hostaleiros e restauradores).
No acto interviron o presidente do Consello Regulador, José Ramón Meiriño e o secretario xeral, Ramón Huidobro. O primeiro destacou que os viños Rías Baixas atopan no mercado valenciano "a un consumidor que aprecia todo o que rodea a cultura do viño". Por outra banda, a gastronomía de Valencia, rica en arroces, fideuás e peixes, marida perfectamente cos viños Rías Baixas, frescos, afroitados e doados de entender.

FORMACION

CURSO DE INGLÉS
13 Decembro

Dentro dos programas de formación, o Consello Regulador organizou un Curso de Inglés para promocionar os viños Rías Baixas, no que participaron 14 profesionais dos departamentos comercial, de exportación e técnicos das adegas adscritas á Denominación.
O curso foi impartido como viña sendo habitual por Andrew Black, profesional como ampla experiencia no mundo do viño e como profesor.
Os alumnos desenvolveron as súas prácticas en inglés durante tres xornadas: a primeira estivo dedicada ás características das distintas variedades, a segunda á promoción de Rías Baixas e Galicia, e a última xornada dedicouse ao marqueting na adega. Para rematar fixeron prácticas para a presentación das propias marcas e a visita a adega, aplicando os coñecementos de vocabulario adquiridos no curso.

VISITAS

VISITA XORNALISTA XAPONESA
14 Xuño

A xornalista Tomoko Ebisawa, da revista "Vinotheque" de Tokio, visitou diversas adegas dentro do área da Denominación, nunha iniciativa desenvolta grazas ao Programa de Apoio á Internacionalización do IGAPE.

VISITA DE EXPERTOS DA GUÍA REPSOL
17 Xuño

O panel de cata para a "Guía Repsol de los Mejores Vinos de España" reuniuse na sé do Consello Regulador no Pazo de Mugartegui para realizar a súa selección de viños Rías Baixas. Durante dúas xornadas, os expertos puntuaron nunha cata cega un total de 73 marcas de 35 adegas de DO, mentres que outras adegas fixeron chegar as súas elaboracións directamente aos catadores da Guía.
A portavoz Estrella Gabriel explicou que na guía, que ten unha tirada de 500.000 exemplares, só se incluirían "los 1.500 mejores vinos, con una puntuación de más de 90 puntos", mentres que os viños clasificados entre 85 e 90 puntos quedarían incluídos na web que conta tamén cunha gran difusión.
Tamén indicou que os expertos buscan sobre todo o equilibrio nos viños que deben ser "armoniosos en su conjunto, tanto en boca como en olfato y vista", para conseguir a máxima puntuación.

VISITA DE IMPORTADORES MEXICANOS
13 Xullo

Unha delegación composta por 11 importadores de viño mexicanos participaron nunha misión inversa na que visitaron o Consello Regulador e un total de 20 adegas da nosa Denominación coas que mantiveron contactos comerciais.
O secretario xeral do Consello Regulador, Ramón Huidobro, e o secretario xeral da Cámara de Comercio de Tui, Javier Pérez, acompañaron a esta misión integrada por profesionais da importación, a restauración, a distribución e a promoción de viños.
Como indicou Javier Pérez, "Galicia ten unha gran ocasión para colocar os seus viños neste país coa depreciación do euro que favorece as exportacións".
En total, o pasado exercicio exportáronse a México un total de 101.175 litros, cun incremento do 21,25% con respecto ao anterior.

VISITA DE PRENSA USA
14 Setembro

Dentro das actividades previstas na campaña 2010 tivo lugar unha visita de catro días á Denominación por parte dun grupo de xornalistas, importadores e profesionais do sector do viño, interesados en coñecer as peculiaridades da DO, as adegas e os nosos viños. Entre eles estivo Mike Colameco, reputado xornalista especializado no viño, gastronomía e viaxes.

VISITA IRLANDESES
20 Setembro

Un grupo de irlandeses visitaron a nosa DO, tras resultar gañadores dun premio da Oficina Económica e Comercial da Embaixada de España en Irlanda.
O concurso consistía en realizar un escaparate de viños inspirándose na temática do Camiño de Santiago.

MERCADOS E PROMOCIÓN

"MAGNIFICO 2010" PARA RÍAS BAIXAS
4 Xaneiro

A revista especializada "Vivir el Vino" concedeu o seu premio Magnífico 2010 á nosa Denominación como "Mejor Zona Protagonista" do ano. Os premios "Magníficos" premian as mellores propostas en once categorías dun total de 1.500 referencias: "Tinto, Trayectoria, Zona Protagonista, Tinto con Crianza, Tinto Joven, Blanco con Madera, Blanco Joven, Cava, Rosado, Dulce y Generoso".
No caso da DO Rías Baixas, o xurado premiou o enorme esforzo de promoción en España e no exterior, e a presenza constante do Consello Regulador nos principais puntos de interese.

CAMPAÑA DE PROMOCIÓN 2010 EN EE.UU.
20 Xaneiro

Responsables do ICEX e o IGAPE, xunto a representantes de 20 adegas participaron nunha xornada organizada no Pazo de Mugartegui polo Consello Regulador para analizar a situación do mercado americano e as accións promocionais previstas en 2010. O mercado estadounidense segue a ser obxectivo prioritario para os viños Rías Baixas que teñen neste país o principal destino de exportación.
A directora da Oficina Comercial de Wines of Spain, Katrin Naelapaa, destacou que o Consello Regulador Rias Baixas soubo apostar por este mercado "donde tuvo una buena acogida gracias a una calidad muy alta y a que se trata de un producto diferente y genuino".
A representante do ICEX engadiu que o incremento do consumo debeuse sobre todo aos consumidores máis novos e destacou que por iso é importante aproveitar as redes sociais de internet como canle de difusión dos produtos da D.O., desenvolvendo accións concretas en inglés e con frecuentes actualizacións.
A xornada incluíu tamén a visita de dous responsables da axencia norteamericana Cornerstone que abordou as accións previstas como: seminarios de formación en escolas de alta hostalería, *showroom* para adegas e prescriptores e visitas á Rias Baixas de importadores e sumilleres. Entre os eventos organizados destacaron tamén o Great Tasting en Nova York e unha ruta de tapas para xornalistas especializados (a "Albariño Tapas Crawls") en Miami, San Francisco e Seattle. Accións para sumilleres e prensa e participación en festivais de viño e gastronomía como The Aspen Food & Wine Classic ou Great Matchs de Wines from Spain completaban o plan previsto.
Por parte do IGAPE o director de Promoción e Innovación, Casto Varela, e a directora de internacionalización, María Dolores García, explicaron o apoio da institución ás adegas para a implantación comercial en destino, destacando que a institución pon ao servizo das adegas unha ampla gama de servizos, axentes mediadores e becarios, e colaboración coa rede de empresarios galegos no mundo.

MARIDAXE CON SETAS NO FÓRUM GASTRONÓMICO
22 Febreiro

Durante a segunda edición do Fórum Gastronómico celebrado en Santiago, o Consello Regulador organizou unha cata-maridaxe de Rías Baixas con setas silvestres para estender e explorar as posibilidades dos nosos viños combinados con setas, arroces ou carnes.
A experiencia estivo dirixida por David Barco, presidente da Asociación Galega de Sumilleres, acompañado polo secretario xeral da Denominación, Ramón Huidobro, e por Claudio Raúl Pirola, responsable de Silvestris.
Os viños seleccionados foron tres Rías Baixas-Albariño da colleita 2008, gañadores no concurso da Festa do Albariño e xunto a eles, tres das variedades máis apreciadas de setas silvestres. O acto foi seguido por máis de 40 profesionais tras unha presentación en vídeo das principais características da nosa Denominación.
Nos días posteriores do certame fixéronse experiencias de maridaxe con conservas da asociación ANFACO e das troitas de ATRUGAL, unha das principais asociacións de produtores de troita de España.

A PRENSA DO VIÑO PREMIA AOS RIAS BAIXAS
11 Marzo

O I Premio Nacional da Prensa do Viño concedeu dous dos seis galardóns concedidos aos brancos sen crianza a viños da DO Rías Baixas pola súa dedicación e o bo facer. Os premios foron convocados por primeira vez pola Asociación Española de Xornalistas e Escritores do Viño (AEPEV), para distinguir ás mellores creacións vitivinícolas da pasada campaña.
Cada un dos socios presentou un total de tres viños ou espirituosos por cada categoría ata un total de 425 candidatos, de 49 Denominacións de Orixe, 7 denominacións de Viños da Terra, 3 Viños de Pago e outras tantas Denominacións específicas e viños de mesa.
A entrega dos premios tivo lugar nesta ocasión no Mosteiro de San Clodio, coincidindo coa celebración do Ano Xacobeo.

INCREMENTO DAS EXPORTACIÓNS NO EXERCICIO 2009
18 Marzo

No exercicio 2009 os viños Rías Baixas exportaron un total de 3.057.574,85 litros, un incremento de case o 1% con respecto ao anterior, por un valor próximo aos 16 millóns de euros. Ao cabo, foron 4.076.766 botellas de Rías Baixas vendidas en 57 países polas 76 adegas da Denominación que participan nos plans de exportación.
O presidente do CRDO, José Ramón Meiriño, dixo que os resultados son satisfactorios porque "as adegas deste Consello Regulador apostan cada vez máis polo mercado exterior, ao que dedicaron o 22% da produción en 2009, dous puntos máis que no exercicio anterior".
Meiriño destacou que o obxectivo está en acadar unha cifra do 30% do total de produción con destino á exportación.

Tamén o secretario xeral do Consello, Ramón Huidobro, insistiu en que "a nosa aposta é consolidármonos nos mercados nos que estamos presentes, manter as posicións e seguir medrando. E xa que logo concentraremos os nosos esforzos naqueles mercados onde o retorno da inversión está garantido".
EE.UU. segue a estar no primeiro posto das exportacións concentrando case o 54% das vendas e cun incremento do 3,4% con respecto ao exercicio anterior. Reino Unido, con 342.336 litros e Alemaña, con 155.000, son os destinos seguintes das nosas exportacións, desprazando así a Porto Rico a cuarta posición, con 130.926 litros. O incremento en México (+21,25%) e Canadá (+33,98%) converten ao mercado americano no principal destino para os Rías Baixas, xa que concentra un 64% das exportacións.
O mercado asiático segue a ser un obxectivo a medio ou longo prazo: Xapón, con 33.000 litros exportados (dun total de 41.140 en Asia) é o principal destino. Por iso, o Consello decidiu manter os esforzos de marqueting e promoción realizados nas áreas asiáticas, principalmente nas feiras internacionais de China e Xapón.

EXPERTOS SUECOS SELECCIONAN MARCAS PARA IMPORTACIÓN
6 Abril

Tres destacados importadores suecos participaron nunha sesión de cata no Pazo de Mugartegui para seleccionar marcas destinadas á comercialización no país nórdico. Os expertos preseleccionaron cinco marcas da nosa DO, de entre as vintecinco presentadas seguindo os requisitos dos importadores.
Eva Mínguez, responsable de marqueting do Consello Regulador, explicou que o obxectivo era "incorporar algúns Rías Baixas Albariños que non dispuxeran aínda de distribuidor nun país que coñece xa os nosos viños e a onde se exportaron uns 55 mil litros en 2009".
Tras a cata, os expertos conectaron tamén coas adegas para coñecer os métodos de traballo, volume de produción e política de prezos entre outras informacións pertinentes.
A visita contou coa mediación do Servizo de Información Europea de la Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), con funcións de asesoramento xurídico e comercial.

NOVA RUTA RIAS BAIXAS POLA RIBEIRA DO ULLA
9 Abril

Un novo itinerario pola subzona de Ribeira do Ulla veu unirse ás cinco rutas "Rías Baixas" existentes e que están incluídas nas "Rutas del Vino de España". Para esta iniciativa a Asociación Rutas do Viño Rías Baixas contou coa colaboración do concello de Vedra e da Deputación de A Coruña, na súa aposta por fomentar un turismo integral, diferenciado e de calidade nas diversas zonas da DO.
A nova ruta incrementa o número de socios ata os 100 actuais e foi presentada no marco da XXX Festa de Exaltación do Viño da Ulla en San Miguel de Sarandón polos representantes das Rutas Rías Baixas e o presidente do Consello Regulador da DO, José Ramón Meiriño.
Dúas adegas, unha destilería de augardentes e licores e catro establecementos de hostalería son as novas empresas adheridas a este proxecto, que conta coa vantaxe de estenderse ás portas de Compostela, cun relevante patrimonio cultural, arquitectónico e etnográfico, xunto a unha grande variedade de recursos de ocio, paisaxísticos e gastronómicos.
A Asociación Ruta do Viño Rías Baixas está integrada por entidades públicas ou privadas encargadas da planificación e xestión deste proxecto de turismo integral que busca a desestacionalización, a apertura de novos mercados, así como fomentar accións de formación e sensibilización para mellorar a prestación de servizos e a comercialización de produtos. Conta cun amplo programa promocional a través de Turespaña, coordinando accións con ACEVIN (Asociación de Ciudades Españolas del Vino), Padroado de Turismo Rías Baixas e Turgalicia.

PREMIOS SAN PELLEGRINO
26 Abril

Un albariño xenérico de Rías Baixas foi o viño branco seleccionado para acompañar a cea de entrega dos Premios San Pellegrino aos 50 mellores restaurantes do mundo. A novena edición deste evento contou coa presenza duns cincocentos invitados de prestixio.
A aposta de promoción estaba dirixida a reforzar a imaxe dos Rías Baixas «no fundamental mercado anglosaxón, que ocupa o segundo posto entre os destinos de exportación e que é un mercado que consume e valora os nosos viños", como explicou a técnica de marqueting do CRDO, Rosa Hermelo, que anunciou que se estaba a traballar nunha campaña específica para Gran Bretaña.
Os mencionados premios son publicados por Restaurant Magazine, publicación líder no Reino Unido para restauradores e chefs que edita ademais unha Guía dos 50 mellores restaurantes do mundo. A selección da lista final faise nunha Academia específica onde se reúne un influínte grupo de 800 líderes internacionais da industria da restauración procedentes de 27 rexións do mundo, integrado por críticos, escritores de gastronomía, chefs e gastrónomos.

PRESENTACIÓN EN MALLORCA
3 Maio

Un total de 18 adegas de Rías Baixas participaron na terceira presentación dos nosos viños ao sector profesional de Mallorca, con asistencia dunhas 500 persoas do sector da distribución, a restauración e a hostalería da illa e 25 sumilleres locais que participaron nunha cata de viños de diferentes añadas.
O presidente do CRDO, José Ramón Meiriño, destacou a relevancia das Illas Baleares para os Rías Baixas «porque é un mercado que coñece e aprecia a calidade dos nosos viños, que atopan unha harmonía perfecta coa dieta mediterránea».

Ademais Mallorca é un mercado de consumo estable durante todo o ano no que o consumidor balear e o turista valoran a calidade dos viños. En concreto, e segundo datos da Consultora Nielsen, Mallorca concentra un 16,2 % das vendas de viño branco de Denominación de Orixe en España. Por iso, como destacou Ramón Huidobro, «o noso obxectivo é seguir consolidándonos neste e noutros mercados, e seguir atentos aos cambios de hábitos de consumo, traducidos nun leve descenso na canle de HORECA, mentres aumentan as vendas nas grandes distribucións, seguindo unha tendencia moi anglosaxona».

ASOCIACIÓNS GALEGAS DE CATADORES EN MUGARTEGUI
6 Xullo

Doce expertos catadores da Asociación de Sumilleres Gallaecia e da Asociación Galega de Catadores participaron nunha cata conxunta no Pazo de Mugartegui sobre un total de 114 marcas de Rías Baixas Albariños de diferentes elaboracións.
O xefe técnico do Consello, Agustín Lago, destacou a estreita colaboración da DO con ámbalas asociacións que permitiu desenvolver un ano máis esta actividade. Pola súa banda, os catadores coincidiron en afirmar que a colleita 2009, cualificada como "Moi Boa", "trouxo uns viños maduros, con moita intensidade e corpo, e un nariz moi marcado. Son viños francos, golosos, con notas de froita de oso ben diferenciadas e cun gran potencial aromático e cun gran potencial de envellecemento".

CATA CONCURSO EN CAMBADOS
2 Agosto

O "Señorío de Rubiós" da adega Coto Redondo recibiu a medalla de Ouro como viño vencedor na XXII Cata Concurso Rías Baixas Albariño 2009 celebrada no Parador de Cambados no marco da LVIII Festa do Albariño.
A medalla de prata foi para Pionero Maccerato, de Adegas Viña Almirante e a de Bronce foi para O Casal de Adegas José Angel Boado Chaves.
O panel de cata estivo formado por once expertos foráneos e trece procedentes do Consello Regulador que valoraron os 56 viños presentados a concurso ata chegar a "cata derradeira" na que decidiron entre os 12 finalistas. O xurado destacou o gran nivel de tipicidade aromática e o equilibrio en boca da froita e a acidez nos viños presentados.

ENTREGA DAS DISTINCIÓNS GALLAECIA
13 Setembro

Nun acto celebrado no Pazo de Mugartegui, a Asociación de Sumilleres de Galicia deu a coñecer as Distincións Gallaecia 2010 para a Denominación Rías Baixas, que recaeron en 11 viños doutras tantas adegas. Os viños galardoados son os que obtiveron máis de 84 puntos na cata realizada a partir de mostras do mercado. O panel estivo composto por dez sumilleres de "Gallaecia" e cinco técnicos dos Consellos Reguladores. Os viños gañadores foron na categoría D.O. Rías Baixas brancos foron:
Aguiuncho 2009, Aguiuncho S.L; Bouza do Rei 2009, Bouza do Rei SAT; Capricho Morgadío 2008, Adegas Morgadío S.A; Lagar da Costa 2008, Dolores Fontán Limeres; Leira 2009, Pazo Pondal S.L ; Maior de Mendoza 3 crianzas 2005, Maior de Mendoza S.L; Mar de Viñas 2009, Adegas Gran Vinum S.A; Palabras Mayores 2008, Bodegas Agnusdei S.A; Rosalía de Castro 2009, Coop. Vitivinícola Arousana S.C.G; Santiago Roma 2009, Santiago Roma S.L; Valdamor 2007, Selección Valdamor S.A.

INCREMENTO DO 7,64% NAS EXPORTACIÓNS
30 Novembro

Os resultados das exportacións na campaña 2009-2010 resultaron moi positivos para os Rías Baixas, cun total de 3.047.750 litros de viño, que supoñen un incremento do 7,64 % en cantidade con respecto ao período anterior. Nunha situación desfavorable pola crise, os viños Rías Baixas foron exportados a 53 países, por un valor de 16,85 millóns de euros, que con respecto ao ano anterior supón un aumento do 9% en valor.
Os maiores incrementos corresponden a destinos como EE.UU. e Reino Unido onde o Consello Regulador veu desenvolvendo campañas de promoción e participando en feiras sectoriais.
Por iso, Ramón Huidobro destacou o traballo realizado polas empresas do sector, apuntando que "estes resultados demostran a acertada política das adegas ao apostar en tempos de crise polos mercados consolidados, onde se rexistran maiores incrementos de vendas e onde o Consello está a centrar os esforzos promocionais",
De feito, Huidobro anunciou que para 2011 estaba previsto realizar unha nova campaña en Reino Unido que seguiría o exemplo da desenvolta nos EE.UU. aínda que máis modesta economicamente.
Anunciou tamén o secretario xeral a intención do Consello de continuar coa participación en feiras internacionais de prestixio, como Alimentaria México, Food & Hotel en Shangai, e de acudir a novos certames como o International Wine & Spirits Fair de Hong Kong. Sinalou.

SECTOR

EXCLUSIÓN DO ALBARIÑO DAS LISTAS DE VINIFICACIÓN DA UE
16 Abril

Tras a aprobación no Congreso dos Deputados dunha Proposición non de Lei para «preservar o etiquetado exclusivo da variedade albariño para aqueles viños amparados por unha DO ou Indicación

Xeográfica con regulamentos onde figure autorizada esta variedade», representantes do CRDO afirmaron que «os responsables públicos deron sentido así ao traballo do sector e a aposta de Rías Baixas pola calidade e orixinalidade dunha variedade autóctona».
Tanto o presidente, José Ramón Meiriño, como o secretario xeral, Ramón Huidobro, agradeceron a implicación das distintas administracións públicas (Consellería do Medio Rural e concellos da DO), os deputados e os medios de comunicación na solución dun problema que puña en risco o traballo das nosas adegas e viticultores.
O problema xurdira a partir da nova OCM europea do Viño, onde non quedaba contemplada a excepcionalidade do Albariño. A iniciativa tomada no Congreso e apoiada por todos os grupos políticos daba lexitimidade e abría o camiño para a tramitación da reclamación á Comisión Europea a través do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Mariño.
A Consellería de Medio Rural tamén aplaudiu a decisión do Congreso dos Deputados e pediu ao Ministerio de Medio Rural que «o nome «Albariño» non se poida usar en viños que non estean acollidos a unha DO ou IGP, para evitar unha competencia desleal entre viños de mesa e viños de calidade recoñecida na zona de Rías Baixas»

CONVENIO PARA INTERNACIONALIZACIÓN
19 Abril

O conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra, presentou na sé do Consello Regulador no Pazo de Mugartegui o Plan de Internacionalización para promoción das empresas galegas no exterior, cunha inversión prevista de 18 millóns de euros a través de once programas. O obxectivo do plan é mellorar a competitividade das empresas en torno a principios de financiamento, promoción e internacionalización.
Javier Guerra destacou que «o Consello Regulador é un exemplo de sector aberto a novos mercados, con proxectos competitivos e cun excelente traballo de marqueting, comunicación e imaxe de marca» e explicou que o Plan estaba pensado a longo prazo, para potenciar a unión das empresas en orixe e de cara a súa implantación en mercados como Brasil, Rusia, India ou China.
O titular de Economía e Industria anunciou tamén a firma dun convenio co IGAPE para ampliar a actividades que a DO Rías Baixas desenvolve nos mercados exteriores, como son a participación na Feira Food & Hotel en Shangai, que a partir de agora podía estenderse á Vinexpo en Hong Kong.

O CONSELLO DEBATE SOBRE A VENDIMA
3 Setembro

Tras analizar os estudios elaborados polo Órgano de Control e Certificación da Denominación de Orixe e outros informes realizados por distintos colectivos do sector, o pleno do Consello Regulador decidiu incrementar nun 8,33% o rendemento de produción por hectárea para todas as variedades amparadas pola Denominación de Orixe. Todas as informacións coincidían en destacar as excepcionais perspectivas de produción que se agardaban debido a bo ciclo vexetativo da uva e as excelentes condicións climáticas. A defensa da calidade da materia prima para a elaboración dos viños estivo presente en todo momento nas deliberacións.

VENDIMA BAIXO CONTROL
13 Setembro

A vendima deuse por iniciada na segunda semana de setembro, coa maioría das adegas mergulladas na recollida de uva. Iniciáronse antes os traballos na subzona do Condado de Tea e O Rosal, sumándose logo O Salnés, Soutomaior e Ribeira do Ulla.
O Órgano de Control e Certificación estableceu un rigoroso sistema de control sobre a orixe da uva e a calidade dos mostos para garantir o alto nivel de calidade da DO Rías Baixas. Como novidade, implantáronse por primeira vez as pautas recollidas na norma da UE 450011, que establece na práctica unha dobre función do devandito órgano: por unha banda de auditoría, como viña sendo habitual; por outra, de inspección en cumprimento da nova norma.
Os 70 técnicos habilitados como veedores pola Consellería de Medio Rural estiveron encargados de supervisar a entrada da uva nas adegas, os transportes de uva ou mosto entre subzonas e a vendima en fincas. Controlaron tamén o peso das uvas nas adegas, garantindo o rendemento de produción máxima por hectárea (que este ano, de xeito excepcional quedou fixado en 8,33% para todas as variedades).
O secretario xeral do Consello Regulador, Ramón Huidobro, manifestou que serían moi rigorosos e estritos na vixilancia e cumprimento da normativa, porque "como órgano de calidade diferenciada, o Consello debe garantir en cada vendima a calidade e a diferenciación do produto que teñen feito da Denominación de Orixe Rías Baixas un referente" e lembrou a este respecto o compromiso adquirido polos viticultores adscritos á Denominación.
Ademais, o Consello informou tamén de que os datos recollidos durante a campaña cruzaríanse coas declaracións de existencias nas adegas, a declaración do FOGA e coa información derivada de auditorías de aforos post-vendima realizadas por técnicos do Órganos de Control e Certificación do Consello, ademais de superpoñer os datos de produción dos viticultores coa información da Axencia Tributaria coa finalidade de disipar calquera dúbida sobre a orixe e propiedade da uva.

UNHA COLLEITA DE MÁIS DE 31 MILLÓNS DE QUILOS
8 Outubro

Segundo os datos recollidos polo Órgano de Control e Certificación a vendima 2010 bateu o récord histórico na Denominación, cunha cantidade de 31.686.516 millóns de quilos de uva recollidos, un 34,1% de incremento con respecto á campaña anterior, e moi superior aos 30,6 millóns de quilos de 2006.

A campaña durou 37 días e estivo marcada pola cantidade e a calidade do froito recollido. Segundo os técnicos do citado órgano do Consello Regulador, os acios atopábanse nun estado sanitario óptimo, cun magnífico nivel de maduración e unha alta gradación. Os primeiros mostos obtidos presentaban tamén un bo rendemento.
Por castes, a variedade de maior produción foi a Albariña, co 95, 25 % do total, seguida da Treixadura e a Loureira. Entre as tintas, que representan un 1,18% do total, recolleuse un 33,7% máis ca o ano anterior (334.617 quilos).

CHARLA SOBRE O MERCADO CHINÉS
27 Outubro

A avogada Cela Sueiras, especialista do bufete Garrigues participou nunha xornada sobre Protección de Dereitos da Propiedade Intelectual en China organizada polo ICEX e o IGAPE no Pazo de Mugartegui.
A avogada destacou na súa intervención a necesidade de tomar todas as precaucións cando se trata de exportar un produto de marca a China, "porque a marca ten un gran valor e se a expoñemos sen coñecementos no mercado chinés é probable que moi cedo sexa copiada e adaptada". Tras explicar que existen ferramentas administrativas e accións xudiciais para poñer coto á falsificación a experta asegurou que "é preciso ter os dereitos da nosa marca en regra e estudar o mercado para asesorármonos sobre como introducir o noso produto".

PREMIOS E RECOÑECEMENTOS

PREMIOS NACIONAIS E INTERNACIONAIS
28 Abril

Os viños Rías Baixas conseguiron entre o pasado ano e o primeiro catrimestre de 2010 un total de 104 galardóns que veñen confirmar o potencial das nosas variedades autóctonas. A maioría dos viños distinguidos pertencían á colleita 2008, cualificada como «Boa» pero moi valorada polos profesionais, ou eran elaboracións especiais.
As nosas adegas recibían tamén un total de 307 recomendacións, con puntuacións sempre superiores aos 90 puntos, nas máis prestixiosas guías publicadas en 2010.
A Guía Peñín destacou a 73 Rías Baixas no seu Top 90. A Guía Repsol de los Mejores Vinos de España incluía 55 Rías Baixas Albariño cualificados por riba dos 90 puntos. A Guía Proensa decidiu apostar por 24 dos nosos viños, e ademais distinguía oito marcas Rías Baixas cualificadas de «excelentes». Tamén o Anuario de El País incluía a 16 viños Rías Baixas, que cualificou de «excelentes» e a outros 86 como «muy buenos».
Para rematar, a Guía de Oro de los Vinos de España tiña 15 Rías Baixas Albariños destacados como «óptimos», é dicir, con máis de 92 puntos, e outras 36 marcas entre os 90 e os 91 puntos.

Premios Internacionais

Os 104 galardóns recibidos polas marcas amparadas pola nosa Denominación de Orixe O repartíronse nos certames de maior prestixio.
No International Wine Masters Challenge de Estoril os Rías Baixas obtiveron unha medalla de ouro e tres de prata. No IX Concurso Internacional de Vinos Bacchus 2010 acadáronse19 galardóns (7 ouros, 12 pratas). No Challenge International du Vin obtivéronse nove premios, e sete no Concurso Mundial de Bruxelas. Tamén conseguiron brilar os Rías Baixas no Vinealis International 2010 e no Decanter World Wine Awards, onde conseguiron 28 medallas de ouro.
No certame Madrid Fusión unha adega da nosa denominación foi elixida como Mejor Vino Español de menos de 30 euros; a Guía de Vinos Gourmet distinguiu a unha das nosas marcas como Mejor Vino Joven; os Premios Vinimag outorgaron a distinción de Mejor Vino Blanco a unha das nosas adegas; e, por último, os Premios elmundovino.com decidíronse por un Rías Baixas como mellor Blanco del Año.

48 RÍAS BAIXAS VALORADOS POR ROBERT PARKER
19 Maio

Os Rías Baixas continuaron á cabeza das DO galegas na prestixiosa publicación «The Wine Advocate», do famoso crítico Robert Parker. Na última edición puntuaba un total de 48 viños da DO Rías Baixas, 13 máis que o pasado ano.
Uníanse estes datos ás 20 distincións (3 pratas, 7 bronces e 10 «Commended») da revista británica Decanter nos Decanter World Awards durante a London Wine. A maioría dos viños premiados eran de 2009, pero tamén distinguíronse algúns de 2004, 2006, 2007 e 2008.
Á opinión de Robert Parker uníase o importante prescriptor británico Jay Miller para quen os nosos viños brancos de 2009 eran «especialmente vibrantes» o que quedou reflectido nas conseguintes puntuacións. Para Miller, a variedade Albariña é unha alternativa perfecta á famosa Chardonnay.
Robert Parker apostou especialmente polas elaboracións da colleita 2008, cun total de 32 viños da DO Rías Baixas puntuados. Para o crítico, a intensidade e o equilibrio, xunto ás notas florais, herbáceas e de cítricos eran as características máis destacadas nas notas de cata.
Pola súa banda, Jay Miller destacou que «muchos de estos vinos se poderán consumir en los próximos dos o tres años con resultados excelentes» e mesmo chegou a resaltar que o seu consumo podería prolongarse ata os 5 ou 6 anos.

Consello Regulador da Denominación de Orixe

Rías Baixas

Pazo de Mugartegui
Praza da Pedreira 10 - 36002 (Pontevedra)
Tf: 986 854 850 / Fax: 986 864 546
www.doriasbaixas.com / consejo@doriasbaixas.com

Edita: Cuerpo a Cuerpo Comunicación. R/ Uruguai, 2 - 3º dta. 36201 VIGO

FEADER:
Europa inviste no rural

MINISTERIO
DE MEDIO AMBIENTE
Y MEDIO RURAL Y MARINO

XUNTA
DE GALICIA